

ANEXO I

CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL E PARA A INSERCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE ARTEIXO

ARTIGO 1.-OBXECTO

Mediante esta disposición convócanse as axudas de Emerxencia social e para a inserción social, consistentes nunha prestación non periódica de carácter económico destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carencias, urxencias sociais ou situacións de marxinación social. As persoas beneficiarias deberá cumprir os requisitos da Ordenanza nº 31 REGULADORA DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL E PARA A INSERCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE ARTEIXO.

ARTIGO 2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación estará aberto ao longo do ano 2024.

ARTIGO 3.- CRÉDITO

O importe total destinado a estas subvencións é de 233.000,00€.

As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48903 do Orzamento municipal de 2024, quedando condicionada a concesión de subvencións á existencia de crédito axeitado e suficiente

A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución do órgano municipal competente e terá efecto logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

ARTIGO 4.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "SERVIZOS SOCIAIS", co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTIGO 5. - REMISIÓN NORMATIVA

En todo o non recollido nesta disposición aplicaranse o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, *General de Subvenciones*, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da Provincia.